

OS MOVIMENTOS DE APOSTOLADO SEGLAR NOS ULTIMOS ANOS

Por Xoán-Xosé CEBRIÁN FRANCO

É a primeira vez que desde hai anos falo deste tema en público. A verdade é que para moitos de nós resulta sumamente doloroso facer referimento a unha iniciativa que queimou o mellor das nosas vidas, alcanzando como resultado un fracaso. O requerimento da dirección de Encrucillada faime voltar sobre o tema; efectivamente pode ser útil estudar de novo a experiencia, pois sen dúbida contén ensino abondo para o presente.

Non me é posíbel, no escaso tempo que me deron, facer unha historia completa dos movementos apostólicos en Galiza; sería preciso un despacioso estudo de investigación, para poder realizar unha análise da experiencia. Voume limitar a facer unha sinxela exposición das etapas do apostolado seglar en Galiza nos últimos anos, en busca dunha reflexión que axude a comprender o que nos ensina a experiencia e o seu fracaso.

No presente século poderíamos distinguir tres grandes etapas no desenvolvemento do apostolado seglar: a primeira chega até o ano 1957, e poderíamola chamar a da Acción Católica xeral; a segunda é a que de feito se refire aos movementos apostólicos na Galiza; a última comeza co fracaso dos movementos e coincide co desenvolvemento do Concilio Galego, que sen dúbida foi unha forma máis de apostolado seglar.

Ainda que o período máis importante para o noso tema é o segundo, penso que resulta imposible a súa comprensión sen ter en conta os outros dous.

A Acción Católica xeral

A Acción Católica xeral tivo a súa orixen na Italia das derradeiras décadas do século XIX. Naceu co fin de defender os dereitos da Igrexa, que naquela época se vinculaban ao perdido poder temporal do Papa. Non é milagre que os textos de San Pío X sobre o tema da Acción Católica non diferencien moito entre a mesma e outras formas de acción social.

Foi Pío XI quen lle deu o seu impulso, a definiu e a recomendou a toda a Igrexa. É preciso ter en conta que o lanzamento deste movemento faise nos tempos do fascismo en Italia, de maneira que a Acción Católica Italiana ten enriba moitas cousas que se explican pola época do seu nacemento.